

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL” PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE FOMENTO E FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO NO CAMPO DA ENFERMIDADE MENTAL PARA O FAVORECEMENTO DUNHA SOCIEDADE INCLUSIVA

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

REUNIDOS:

DUNHA PARTE, Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA, D^a. María Asunción Soneira Soneira, con D.N.I. nº 7 31 914F, presidenta da Asociación “ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental”, con N.I.F. G-15983570, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de

xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

TERCEIRO. Estas persoas soen vivir coa súa familia, precisando os familiares dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde. Que no ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo, así coma o desenvolvemento dun programa de promoción do voluntariado, específico e adaptado ás necesidades e peculiaridades da saúde mental, en colaboración, preferentemente co movemento asociativo de familiares de enfermos.

CUARTO. Que a Asociación “ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental” ten como obxectivos recollidos nos seus Estatutos captar e vincular voluntarios sociais coas persoas que padecen trastorno mental severo, sensibilizar á sociedade para desenvolver actitudes máis tolerantes que favorezan a integración e normalización social das persoas con trastorno mental severo e persistente e rachar co seu estigma e rexeitamento social que dificulta a recuperación da súa enfermidade, e contribuír a crear unha comunidade inclusiva que diminúa os efectos da enfermidade e ofrezca oportunidades de desenvolvemento persoal.

A Asociación “ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental” cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

QUINTO. Que ámbalas dúas partes teñen finalidades coincidentes e, por iso, consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas aos efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares, a través do acompañamento en actividades sociais da vida ordinaria e desenvolvendo programas específicos de voluntariado que favorezan a súa socialización.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación cos seguintes obxectivos:

Desenvolver un programa de formación do voluntariado específico para este convenio, que favoreza a socialización dos enfermos a través do acompañamento por voluntarios.

Desenvolver un programa de incorporación sociolaboral alternativo para pacientes estabilizados que padezan un trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo, co obxecto de incrementar as súas competencias sociais que permitan unha plena integración sociolaboral fóra da dita institución sanitaria.

SEGUNDA. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

TERCEIRA. A asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

a- Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.

b- Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

CUARTA. Salvo que se xeren créditos adicionais co mesmo fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa a achegar a cantidade de quince mil

seiscientos douscentos vinte e sete euros (**15.683,00 €**) con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.16**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

QUINTA. No caso de que se xere créditos adicionais, tal como se especifica na cláusula anterior, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

SEXTA. A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, aportando por parte da asociación:

- Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio, segundo se indica na terceira cláusula deste convenio.
- Certificado de non atoparse incurso en causas segundo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Certificado de obrigas tributarias e seguridade social.
- Copia cotexada do CIF
- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluíndo o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gasto ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

A data límite e improrrogable para presentación da documentación para os pagos parciais é o 5 de novembro de 2018.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente

xustificados a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadíndose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.
 - Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
 - Certificación da federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
 2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2018.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto

subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 5 de decembro de 2018. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para os efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueles outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.
4. A documentación xustificativa dos gastos dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá certificado favorable de ser conforme.
5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Con data límite do 15 de xaneiro de 2019 a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como anexo a este convenio.

NOVENA. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMA. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

1. Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
2. Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a presidenta do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMA SEGUNDA. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “ITINERA” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA TERCEIRA. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMA CUARTA. A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle tanta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA QUINTA. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018.

DÉCIMA SEXTA. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes este convenio en cuadriplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Asociación "ITÍNERA" Voluntarios en
Saúde Mental

Jesús Vázquez Almuiña

M^a Asunción Soneira Soneira

ANEXO

MEMORIA FINAL

1. Datos básicos da entidade, organigrama, e situación
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Balance de ingresos e gastos da Asociación.
4. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
5. Actividades Realizadas:
 - Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
 - Programas formativos para voluntarios: data, denominación, descrición, participantes.
 - Número de beneficiarios directos das actividades.
 - Número de beneficiarios indirectos das actividades.
 - Actividades de divulgación e sensibilización social
 - Horario de atención ao público.
6. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.
7. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

